

MÍSTER MAGNOLIA

Texto e ilustracións de **QUENTIN BLAKE**

Tradución ao galego de **XOSÉ BALLESTEROS**

Encadernado en cartonné. 22 x 28,5 cm. 36 páx. 16 €.
MEDALLA KATE GREENAWAY (1980)
PREMIO RED HOUSE CHILDREN'S BOOK (1981)
LO + 2016 (Canal Lector - Fundación Germán Sánchez Ruipérez)

Míster Magnolia (galego)
ISBN 978-84-8464-250-3. Tras os montes.

Míster Magnolia (castelán)
ISBN 978-84-8464-249-7. Libros para soñar.

El señor Magnòlia (catalán)
ISBN 978-84-8464-254-1. Llibres per a somniar.

Magnolia jauna (éuscaro)
ISBN 978-84-7681-949-4. Kalandraka - Pamiela.

A Míster Magnolia fáltalle unha bota.

Ten 1 trompeta -tararí, tararí- que toca e retoca,


2 irmás frautistas que dan ben a nota.

Mais... a Míster Magnolia fáltalle unha bota...

“Míster Magnolia” é un clásico de Quentin Blake publicado en 1980 e galardoado con importantes premios; un relato rimado cuxo protagonista é un simpático personaxe co que os lectores poden enumerar, do 1 ao 10, distintos elementos que o rodean. De ton alegre e contaxioso, a historia de Míster Magnolia destaca polo humor e a sucesión de disparatadas anécdotas que ocorren, entre as que -a modo de retrouso- se repite a ausencia dunha bota nun dos seus pés. Todo cambia coa chegada, por sorpresa, dun paquete envolto en papel de agasalho...

Polo seu ritmo acumulativo, a repetición de estruturas narrativas e o carácter descritivo das ilustracións, “Míster Magnolia” é un álbum ideal para practicar a lectura en voz alta, facilitando a participación do público. As imaxes resaltan sobre un fondo branco e chaman a atención polo seu variado e intenso colorido, a profusión de detalles, e os trazos imperfectos que enfatizan a expresividade e o dinamismo de cada escena.

É ben coñecida a tendencia de Quentin Blake a crear excéntricos arquetipos para os seus libros: dende “Os petos de Loreto” a este “Míster Magnolia”, o autor aposta así por figuras alleas aos convencionalismos que, como neste caso, gozan da música, da observación da natureza e actúan con espontaneidade, sen temor ao que dirán.



- **Temática:** rimas e números; humor, diversión.
- **Idade recomendada:** primeiros lectores.
- **Aspectos destacables:** texto rimado; enumeración de elementos; imaxinación, espontaneidade; curiosidade e capacidade de sorpresa; do autor de “Os petos de Loreto”.

Quentin Blake

(Sidcup, Kent, Inglaterra, 1932)

Comezou a debuxar dende moi novo. Estudou na Universidade de Londres e na Escola de Arte de Chelsea. Durante uns 20 anos dedicouse a pintar e exerceu a docencia na Real Escola de Arte onde, entre 1978 e 1986, dirixiu o departamento de ilustración. A súa traxectoria artística destaca por ter colaborado con escritores como Russe! Hoban, Joan Aiken, Michael Rosen, John Yeoman e, sobre todo, Roald Dahl. Tamén ilustrou álbums clásicos e creou personaxes propios, como os coñecidos Señor Armitage e Míster Magnolia. Entre os galardóns recibidos nos últimos anos destacan o Premio Whitebread, a Medalla Kate Greenaway e o Premio Internacional da Feira de Boloña. En 2002 recibiu o Premio Hans Christian Andersen de Ilustración, o recoñecemento ao máis alto nivel no ámbito da Literatura Infantil e Xuvenil. En 2004 foi distinguido polo Goberno Francés como Cabaleiro das Artes e das Letras.

<http://www.quentinblake.com>



www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com